



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Anuncio

Resolución do 3 de maio de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Paradela. (Expediente IN407A 2021-06AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle. Ourense
- Denominación: "LMT, CT HEDRADA (PARADELA)"
- Situación: concello de Paradela
- Características técnicas principais:
 - Substitución do apoio existente D153 correspondente a SAR804, e colocación dun apoio novo tipo C-16/3000, no cal se instala un reconectador para a nova derivada, retensado do condutor existente tipo Pigeon.
 - LMT soterrada a 20kV, con orixe no apoio D153 da SAR804 e final no CT Hedrada proxectado, cunha lonxitude de 1.132 metros en condutor tipo RHZ-150.
 - CT tipo Rural Hedrada, cunha potencia proxectada de 100kVA e unha relación de transformación 20.000-400-230V.
- Finalidade da instalación : Mellora do subministro.
- Orzamento: 121.743,85 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Paradela
 - Separata para a CHMS

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas

eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 3 de maio de 2021.-OO xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1349

Anuncio

Resolución do 3 de maio de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2021-07AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: “REFORMA Y AUTOMATIZACIÓN CT 2049 S. JILLO 3”
- Situación: concello de Lugo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20210246 en data 29 de xaneiro de 2021.
- Características técnicas principais:
 - Reforma do CT (2049) S. Jillao 3, cunha potencia instalada de 400 kVA, consistente en:
Instalación de tres novas celas de SF6 telemandadas, dúas de liña e unha de protección.
Instalación de dous novos cadros de baixa tensión.
Instalación de novas pontes de MT e BT.
Modificación do circuíto de alumeado, emerxencia e terras.
- Finalidade da instalación : mellora de instalacións
- Orzamento: 40.264,32 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Lugo

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de

maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 3 de maio de 2021.- O xefe territorial Gustavo, José Casasola de Cabo.

R. 1350

Anuncio

Resolución do 3 de maio de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2021-04AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "LÍNEA SUBTERRÁNEA DE MEDIA TENSIÓN LP AUGAS FÉRREAS, AVIACIÓN ESPAÑOLA G. LA PAZ (LUGO)"
- Situación: concello de Lugo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20210142 en data 22 de xaneiro de 2021.
- Características técnicas principais:
 - Liña soterrada de media tensión a 20kV, con orixe nunha cela existente do CT (109) Aviación Española e final nunha cela existente do CT (6727) G. La Paz, cunha lonxitude de 145 metros en condutor RHZ1-240.
- Finalidade da instalación : mellora de instalacións
- Orzamento: 24.152,17 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Lugo

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 3 de maio de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1351

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES DO PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2021

A Área de Cultura ten entre as súas competencias a de contribuír á difusión da música tradicional na vertente de música de banda, música coral e música tradicional das entidades pertencentes á provincia de Lugo e ao mesmo tempo a de potenciar as festas patronais e de marcado carácter popular que se levan a cabo na provincia de Lugo.

No Programa "Musiqueando" poderán participar (previa solicitude de inclusión segundo os modelos de solicitude aprobados nesta convocatoria), as agrupacións musicais (abaixo sinaladas), sempre que teñan a súa residencia/sede social radicada na provincia de Lugo, que estean legalmente constituídas, e que cumpran todos os requisitos que figuran nestas bases:

CATEGORÍAS DE AGRUPACIÓNS/TIPOLOXÍAS MUSICAIS QUE PODEN PARTICIPAR NESTA CONVOCATORIA
Bandas de música
Grupos corais
Grupos de música tradicional

- Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se nalgún dos grupos existisen membros menores de idade, o grupo deberá contar coa autorización paterna/materna correspondente.
- Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas, a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.
- Os participantes neste Programa (solicitantes de actuación e grupos musicais participantes) deberán responsabilizarse do cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria vixente para a realización deste tipo de actividades culturais (por mor da COVID-19) ata o momento da realización da actuación concedida, se fose o caso, e eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos da provincia, os cales poderán solicitar actuacións para acollerse a este programa. De igual xeito, poderán solicitar actuacións aquelas entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura, do mesmo xeito que ás comisións de festas que se encarguen de organizar as festas patronais no ámbito xeográfico da provincia de Lugo.

- Só se concederán actuacións musicais entre o 3 de xullo e o 14 de novembro de 2021 (ambos inclusive).
- Os beneficiarios deste Programa (concellos, asociacións e comisións de festas) só poderán solicitar unha actuación por anualidade. No caso de que se soliciten, máis dunha actuación, concederase a primeira das solicitudes presentadas, de acordo co número de rexistro de entrada.
 - Nesta anualidade 2021, e dado a excepcionalidade que se está a vivir por mor da COVID-19, a Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) asumirá o 100% do custo das actuacións que se deriven deste Programa.
 - De igual xeito, ante a situación que se está a vivir, no que os rebotes da epidemia da COVID-19 poideran condicionar a posibilidade de materializar a realización das actuacións concedidas, de xeito excepcional contéplase que :
 - a) Aquelas actuacións que puidesen ser suspendidas por causas derivadas da evolución da situación hixiénico-sanitaria da COVID-19 -ante o avance da pandemia e/ou do posible peche dos territorios onde se ían a realizar as actuacións concedidas-, e para que esta situación non supoñan un condicionante adversos para os recursos económicos dos grupos adxudicatarios, prevese que nesta anualidade exista a posibilidade de realizar ata un máximo de 2 actuacións gravadas- no caso de verse afectados polos efectos da pandemia. Para elo deberán cederlle á Área de Cultura da Deputación de Lugo os seus dereitos de difusión virtual das gravacións nas redes sociais dá Área de Cultura ata o 1 de abril de 2022.

- b) A/as gravación/óns (máximo dúas por grupo participante- se fose o caso-) fará as veces de comprobante da materialización da actuación /actuacións (máximo 2/ por grupo- se fose o caso). A/as gravación/gravacións deberá ser entregada/as á Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) como requisito imprescindible para o cobro da/as actuación/s non materializada/as en vivo, se fose o caso, e actuando a propia gravación como comprobante da realización da actividade. En ningún caso, se poderá facturar a actuación- non materializada- por causas hixiénico-sanitarias sen a presentación da gravación que compense a non materialización in situ da actividade musical concedida- sempre que a súa suspensión se deba a causas sanitarias por mor da evolución da pandemia derivada da COVID-19. Este suposto é excepcional e aplicarase, en todo caso, única e excepcionalmente a un máximo de 2 actuacións concedidas no caso de que un grupo, banda ou coral tivese concedidas ata un máximo de dúas actuacións que non puidese ser materializada por causas sanitarias. A este respecto, gravaríase a primeira actuación temporal das suspendidas (para o caso de grupos cunha única actuación concedida) ou as dúas primeiras actuacións concedidas no caso de ser un grupo con máis dunha actuación concedida dentro deste Programa.
- c) As gravacións deberán ser actuais (deste ano) e adaptadas as condicións establecidas nas bases deste Programa para a anualidade 2021 e, no caso de presentar (como máximo) dúas gravacións, estas deberán estar configuradas cun repertorio diferente. Non se aboarán 2 facturas de actuacións onde as gravacións que as xustifican conteñan o mesmo repertorio.
- d) Estas gravacións- de ser o caso- serán difundidas pola Deputación de Lugo a través das súas redes sociais ata o 1 de abril de 2022, debendo presentar as seguintes características técnicas:
- Formato MP4
 - Duración de cada gravación: entre 20 e 25 minutos. O prezo da gravación – en caso de ter que facela por motivos hixiénico-sanitarios- será o mesmo que o da actuación en vivo xa que abrangue os custes de gravación, montaxe, edición e cesión de dereitos para a súa difusión nas redes da Área de Cultura ata o 1 de abril de 2022.
 - As gravacións deberán ser presentadas como data límite para a súa facturación nas seguintes datas:
 - Para as actuacións dos meses de xullo, agosto, setembro e outubro, as gravacións teñen un prazo máximo de entrega de 15 días naturais despois da data real de adjudicación/materialización da actuación e, para as actuacións do mes de novembro, a data límite de entrega será o 30 de novembro de 2021.
 - A presentación da gravación poderase materializar do seguinte xeito:
 - Remitíndoa ao Servizo de Cultura por correo electrónico en formato comprimido ou ben en formato físico (pendrive) remitíndoo ao Rexistro Xeral da Deputación co seguinte enderezo:

Área de Cultura, Patrimonio Histórico- Artístico e Artesanía e Deseño (CULTURA)

Programa Musiqueando pola Provincia, 2021

Deputación Provincial de Lugo

Rúa San Marcos, 8

27001- LUGO.

_ Para calquer dúbida ao respecto, pódense dirixir a:

Teléfono: 982- 260 136// 982- 260 260

E- mail : ms.fernandez@deputacionlugo.org

Os cachés das actuacións serán os seguintes:

Bandas de música:

Bandas de menos de 15 integrantes : 850 euros.

Bandas entre 15 e 24 integrantes: 1.100 euros

Bandas entre 25 e 39 integrantes: 1.500 euros

Bandas entre 40 e 50 integrantes: 2.000 euros

Bandas de máis de 50 integrantes: 2.500 euros

Grupos de música tradicional:

Grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes: 750 euros

Grupos de musica tradicional entre 10 y 20 integrantes: 900 euros

Grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes:1.100 euros.

Corais:

Corais hasta 20 integrantes: 900 euros

Corais con máis de 20 integrantes: 1.100 euros

- En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

AS OBRIGAS E COMPROMISOS:**1.- DOS SOLICITANTES DE ACTUACIÓNS:**

Polo que se refire aos concellos e as demais entidades solicitantes das actuacións deberán aceptar as condicións deste programa, quedando obrigados a:

- Responsabilizarse do cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria vixente para a organización e realización deste tipo de actividades (por mor da COVID-19) ata o momento da realización da actuación concedida, se fose o caso, e eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.**
- Dispor dos seguros pertinentes para a realización das actuacións do Programa Musiqueando 2021. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén do desprazamento previo e posterior ás actuacións por parte dos grupos participantes neste programa.
- Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria.
- Organizar as actuacións velando polo seu correcto desenvolvemento.
- Utilizar o idioma galego nos carteis anunciadores e en toda a propaganda que se faga do evento.
- No caso en que poida realizarse a actuación expedir documentos acreditativos da realización das actuacións concedidas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da actuación.
- Facer publicidade e distribuír- se é o caso- os carteis anunciadores de que a actuación pertence ao Programa "Musiqueando pola Provincia de Lugo" onde aparecerá o logo da Deputación Provincial de Lugo (Área de Cultura), así como utilizar- se fose o caso- o material de difusión que puidese proporcionarlle a Deputación de Lugo. Esta poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación de uso de dita publicidade.
- Non se poderá facer ningunha modificación na actuación (data/hora ou grupo asignado) sen autorización expresa da Deputación, polo que se xurde calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura:**

Teléfonos de contacto: 982- 260 136/ 982- 260 260

e-mails: ms.fernandez@deputacionlugo.org /secretariacultura@deputacionlugo.org

- Se algún dos solicitantes de anos anteriores non teñen satisfeito a súa parte aos grupos participantes no programa, a Deputación reservarase o dereito de concesión da actuación.**
- En ningún caso os beneficiarios das actuacións elixen ao Grupo de Música.

2. DOS GRUPOS PARTICIPANTES:

→ **Polo que aos grupos participantes no Programa "Musiqueando", as súas obrigas para acollerse a este Programa de difusión da música tradicional na vertente de música de banda, música coral e música tradicional son:**

- Estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.**
- Responsabilizarse do cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria vixente para a realización deste tipo de actividades (por mor da COVID-19) ata o momento da realización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.**
- Aquelas actuacións que puidesen ser suspendidas por causas derivadas da evolución da situación hixienico-sanitaria da COVID-19 -ante o avance da pandemia e/ou do posible peche dos territorios onde se ían a realizar as actuacións concedidas-, e para que esta situación non supoñan un condicionante adversos para os recursos económicos dos grupos adxudicatarios, prevese que nesta anualidade exista a posibilidade de realizar ata un máximo de 2 actuacións gravadas- no caso de verse afectados polos efectos da pandemia. Para elo deberán cederlle á Área de Cultura da Deputación de Lugo os seus dereitos de difusión virtual das gravacións nas redes sociais dá Área de Cultura ata o 1 de abril de 2022.
- A/as gravación/óns (máximo dúas por grupo participante- se fose o caso-) fará as veces de comprobante da materialización da actuación /actuacións (máximo 2/ por grupo- se fose o caso). A/as gravación/gravacións

deberá ser entregada/as á Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) como requisito imprescindible para o cobro da/as actuación/s non materializada/as en vivo, se fose o caso, e actuando a propia gravación como comprobante da realización da actividade. En ningún caso, se poderá facturar a actuación- non materializada- por causas hixiénico-sanitarias sen a presentación da gravación que compense a non materialización in situ da actividade musical concedida- sempre que a súa suspensión se deba a causas sanitarias por mor da evolución da pandemia derivada da COVID-19. Este suposto é excepcional e aplicarásese, en todo caso, única e excepcionalmente a un máximo de 2 actuacións concedidas no caso de que un grupo, banda ou coral tivese concedidas ata un máximo de dúas actuacións que non puidese ser materializada por causas sanitarias. A este respecto, gravarásese a primeira actuación temporal das suspendidas (para o caso de grupos cunha única actuación concedida) ou as dúas primeiras actuacións concedidas no caso de ser un grupo con máis dunha actuación concedida dentro deste Programa.

- e) As gravacións deberán ser actuais (deste ano) e adaptadas as condicións establecidas nas bases deste Programa para a anualidade 2021 e, no caso de presentar (como máximo) dúas gravacións, estas deberán estar configuradas cun repertorio diferente. Non se aboarán 2 facturas de actuacións onde as gravacións que as xustifican conteñan o mesmo repertorio.
- f) Estas gravacións- de ser o caso- serán difundidas pola Deputación de Lugo a través das súas redes sociais ata o 1 de abril de 2022, debendo presentar as características técnicas- xa sinaladas- e que figuran nestas bases.
- g) Actuar, obrigatoriamente, co número de compoñentes que sinalan ter na ficha de inscrición. **No caso de que non poida actuar o grupo ao completo, (o mesmo número de integrantes que aparecen reflexados no impreso de solicitude deste Programa para o ano 2021) deberán renunciar á/as actuación/óns concedida/as.**
- h) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas asinados pola Deputación de Lugo.
- i) Expedir as facturas legais correspondentes ás actuacións realizadas, con cargo á Deputación, o (100% do custo total de cada actuación).
- j) Deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura se xurde calquera tipo de inconveniente que non permita levar a cabo a actuación.
- k) Utilizar o idioma galego nas presentacións das actuacións.
- l) As actuacións físicas (en vivo) terán unha duración máxima dunha hora e media (90 minutos), podendo levarse a cabo nun único pase ou pola contra en dous pases de 45 minutos cada un. Polo que se refire a duración das gravacións estará comprendida entre 20-25 minutos e coas características técnicas sinaladas nestas bases.
- m) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria.
- n) Os grupos terán que contar co seguro pertinente para a realización das actuacións, e para eses efectos deberán cubrir o modelo de declaración xurada recollido nas bases. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, cumprimento dos protocolos de seguridade sanitaria para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións- por parte dos grupos participantes neste programa.
- o) Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se en algún dos grupos existisen membros menores de idade asinarase o documento polo que se fai cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música.
- p) **Non se poderá facer ningunha modificación na actuación (data/hora/cambio de grupo, etc...) sen autorización expresa da Deputación,** polo que se xurde calquera tipo de inconveniente ao respecto deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura (Teléfonos de contacto: 982. 260 136// 982. 260 260).

3.- DA DEPUTACIÓN DE LUGO

A Deputación de Lugo comprométese a:

- a) A de aboar a porcentaxe do 100% da/das actuación/óns ao grupo ou grupos participantes neste programa e, en todo caso, e de xeito excepcional- por mor da situación derivada da Covid-19- e co obxecto de potenciar e contribuír á revitalización económica das industrias culturais, aquelas actuacións que puidesen ser suspendidas por causas derivadas da evolución da situación hixiénico-sanitaria da COVID-19 -ante o avance da pandemia e/ou do posible peche dos territorios onde se ían a realizar as actuacións concedidas-, e para que esta situación non supoñan un condicionante adversos para os recursos económicos dos grupos adxudicatarios, prevese que nesta anualidade exista a posibilidade de realizar ata un máximo de 2 actuacións gravadas- no caso de verse afectados polos efectos da pandemia. Para elo deberán cederlle á Área de Cultura

da Deputación de Lugo os seus dereitos de difusión virtual das gravacións nas redes sociais dá Área de Cultura ata o 1 de abril de 2022.

- b) A/as gravación/óns (máximo dúas por grupo participante- se fose o caso-) fará as veces de comprobante da materialización da actuación /actuacións (máximo 2/ por grupo- se fose o caso). A/as gravación/gravacións deberá ser entregada/as á Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) como requisito imprescindible para o cobro da/as actuación/s non materializada/as en vivo, se fose o caso, e actuando a propia gravación como comprobante da realización da actividade. En ningún caso, se poderá facturar a actuación- non materializada- por causas hixiénico-sanitarias sen a presentación da gravación que compense a non materialización in situ da actividade musical concedida- sempre que a súa suspensión se deba a causas sanitarias por mor da evolución da pandemia derivada da COVID-19. Este suposto é excepcional e aplicaráse, en todo caso, única e excepcionalmente a un máximo de 2 actuacións concedidas no caso de que un grupo, banda ou coral tivese concedidas ata un máximo de dúas actuacións que non puidese ser materializada por causas sanitarias e por mor da evolución da pandemia derivada da COVID-19.
- c) En ningún caso, se poderá facturar a/as actuación/óns (máximo 2)- non materializada/as- por causas hixiénico-sanitarias sen a presentación da gravación que compense a non materialización in situ da actividade musical concedida- sempre que a súa suspensión se deba a causas sanitarias por mor da evolución da pandemia derivada da COVID-19.
- d) As gravacións deberán ser actuais (deste ano) e adaptadas as condicións establecidas nas bases deste Programa para a anualidade 2021 e, no caso de presentar (como máximo) dúas gravacións, estas deberán estar configuradas cun repertorio diferente. Non se aboarán 2 facturas de actuacións onde as gravacións que as xustifican conteñan o mesmo repertorio.
- e) No caso de que as actuacións se materializasen en vivo- sen ningún atranco derivado da situación sanitaria- deberán ser acreditadas polos solicitantes das mesmas, de acordo co establecido nestas bases. De igual xeito, esta acreditación será requisito imprescindible para que a Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) proceda a efectuar o pago das mesmas aos grupos actuantes.
- f) Solucionar canto inconviniente puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.
- g) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das solicitudes.
- h) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa.

MODELOS E REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA MUSIQUEANDO

A) CONCELLOS E ENTIDADES SOLICITANTES DAS ACTUACIÓNS:

- Solicitud dirixida ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Lugo debidamente cumprimentada no modelo normalizado que acompaña estas bases, (Anexo I), con copia do NIF do representante e copia do CIF da entidade solicitante (agás para os Concellos).
- Non se admitirán solicitudes que non utilicen o modelo de solicitude normalizado e aprobado.
- Na solicitude deberá figurar obrigatoriamente un enderezo de correo electrónico no que se comunicará a concesión da actuación, así como todos os datos do grupo de música concedido. Calquera comunicación entre a Deputación e os solicitantes do Programa Musiqueando farase prioritariamente por correo electrónico.
- As solicitudes presentadas e rexistradas despois da data indicada nas bases serán desestimadas ao atoparse fóra do prazo de solicitude establecido.
- Compromiso (por escrito) de ter contratados os seguros correspondentes para o desenvolvemento da/s actuación/s adscrita/s á convocatoria e de aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas na mesma (Anexo II)
- Compromiso de ter que cumprir a normativa sanitaria derivada da Covid-19 para a celebración/organización deste tipo de actividades culturais, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade ao respecto. (Anexo II)
- Aceptación da actuación solicitada (Anexo III), ou ben a súa renuncia a mesma (Anexo IV).
- Unha vez comunicada a concesión da actuación, por parte da Deputación, os beneficiarios terán **un prazo de 5 días hábiles** para enviar á Deputación a aceptación da actuación (Anexo III) ou a renuncia a dita actuación (Anexo IV). O prazo contará a partir do momento en que se reciba o correo electrónico de concesión de actuación, podendo remitirse ditos Anexos por correo electrónico, a:

ms.fernandez@deputacionlugo.org / secretariacultura@deputacionlugo.org

Para calquera consulta, os teléfonos de contacto para este Programa son: 982- 260136/ 982 260 260

- **Finalizado este prazo, non se poderá renunciar á realización da actuación concedida se non é por causa de forza maior, moi xustificada, e previa aceptación da mesma por parte da Deputación.**
- Orzamento estimado de ingresos e gastos da festividade que se vai celebrar (Anexo VI).

Con posterioridade á actuación deberán facer chegar ao Servizo de Cultura, o Anexo V (Certificación de actuación a cubrir polo beneficiario da actuación). Neste caso, unha vez rematada a actuación, os solicitantes deste Programa aos que se lles concedese a actuación solicitada deberán facer chegar ao Servizo de Cultura da Deputación de Lugo, o Anexo V (certificado de actuación a cubrir polo beneficiario da actuación) **no prazo máximo de 10 días hábiles desde a celebración da actividade. Este documento poderá ser enviado por e-mail a: ms.fernandez@deputacionlugo.org / secretariacultura@deputacionlugo.org,, ou ben por correo postal** ao seguinte enderezo:

Área de Cultura, Patrimonio Histórico- Artístico e Artesanía e Deseño (CULTURA)

Programa Musiqueando pola Provincia, 2021

Deputación Provincial de Lugo

Rúa San Marcos, 8

27001- LUGO.

- No caso de ter que ser suspendida/as a/as actuación/óns concedida/as por causas sanitarias derivadas da evolución da pandemia da Covid-19, os solicitantes da/as actuación/óns quedarán exentos desta obriga de comunicación e a Deputación de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

NOTA.-: Para calquera aclaración ou dúbida, pódese contactar co Servizo de Cultura nos seguintes teléfonos: 982- 260 136/ 982- 260 260.

A) GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL, CORAIS E BANDAS:

As agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude -dirixida ao Presidente da Deputación de Lugo- no modelo normalizado, (Anexo VII), acompañada da seguinte documentación:

- Copia de estar dados de alta no IAE nunha actividade acorde coa prestación a desenvolver.
- Modelo de declaración responsable (Anexo XV)
- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade.
- Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria (Anexo IX).
- Fotocopia da tarxeta do NIF do representante
- Certificado dos datos bancarios
- Documentación técnica (número de membros, ficha técnica das obras, condicións mínimas de actuacións- se fose o caso-). Anexo X
- Declaracións responsables de que o grupo/ banda ou coral conta:

→ Cos seguros pertinentes para a realización das actuacións do Programa Musiqueando 2021. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén do desprazamento previo e posterior ás actuacións por parte dos grupos participantes neste programa. (Anexo VIII)

→ Declaración de non ter no seu elenco menores de idade, ou en caso de telos, conforme actúan baixo a responsabilidade do responsable do grupo/ banda ou coral. (Anexo VIII).

→ Compromiso de ter que cumprir a normativa sanitaria derivada da Covid-19

para a celebración/organización deste tipo de actividades culturais, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade ao respecto.(Anexo IX)

→ Compromiso de aceptación das condicións de financiación do Programa e de actuación de todos os compoñentes inscritos no grupo (Anexo IX).

→ Ficha técnica do repertorio (Anexo XI)

→ Aceptación da actuación solicitada (Anexo XII), ou ben a súa renuncia a mesma (Anexo XIII).

→ Certificado de entrega de gravación/óns (Anexo XIV).

→ Unha vez comunicada a concesión da actuación, por parte da Deputación, os beneficiarios terán un prazo de 5 días para enviar á Deputación a aceptación da actuación (Anexo XII) ou ben, a renuncia a mesma (Anexo XIII). O prazo contará a partir do momento en que se lles comunique por correo electrónico a concesión de actuación, podendo remitirse ditos anexos por correo electrónico, aos seguintes enderezos electrónicos:

ms.fernandez@deputacionlugo.org/secretariacultura@deputacionlugo.org

- **Finalizado este prazo, non se poderá renunciar á realización da actuación concedida se non é por causa de forza maior, moi xustificada, e previa aceptación da mesma por parte da Deputación.**

→ Expedir as facturas legais correspondentes ás actuacións realizadas, con cargo á Deputación, o (100% do custo total de cada actuación concedida).

■ No caso de ser suspendida/as a/as actuación/óns concedida/as por causas sanitarias derivadas da evolución da pandemia da Covid-19, de xeito excepcional, un máximo de 2 actuacións das concedidas e que – se fose o caso- fosen suspendidas poderán ser xustificadas para o seu abono mediante 2 gravacións (con repertorio diferente e actualizado, de acordo co establecido nestas bases). Neste caso, a gravación /gravacións fará as veces de comprobante da realización/materialización da /as actuación/óns. Neste suposto os grupos participantes neste programa deberán ceder os seus dereitos de difusión virtual da/ das gravacións á Deputación Provincial de Lugo (Área de Cultura) ao obxecto de poder difundilas nas súas redes sociais ata 1 de abril de 2022..

Neste caso, a gravación (ata un máximo de 2- se fose o caso-) fará as veces de comprobante da materialización da actividade deste Programa.

NOTA.-: Para calquera aclaración ou dúbida, pódense poñer en contacto co Servizo de Cultura nos seguintes teléfonos: 982- 260136/ 982- 260 260.

LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A) Concellos e entidades solicitantes

O prazo para a presentación de solicitudes- para os concellos e as entidades da provincia que desexen solicitar actuacións dentro deste programa- será ata o 31 de maio de 2021 e, dende o día seguinte á publicación da convocatoria no B.O.P.

A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo.

B) Grupos de música tradicional, bandas e Corais

O prazo para a presentación de solicitudes- para os grupos de música tradicional, bandas e corais que desexen inscribirse para participar neste programa- será ata o 31 de maio de 2021 e, dende o día seguinte á publicación da convocatoria no B.O.P.

A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo.

CONSIDERACIÓNS DERRADEIRAS

→ Se algún dos colectivos solicitantes deste programa presentase a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

→**A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente.** Se algún solicitante presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

→Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro e/ou de expediente e o servizo responsable do procedemento.

→ **Calquera modificación/cancelación na solicitude ou na resolución da concesión (por parte dos solicitantes ou das agrupacións musicais integradas no Programa) terá que ser comunicada á Deputación de Lugo (Área de Cultura) nun prazo mínimo de 15 días hábiles antes da data sinalada para a realización da actividade.**

Os cambios e cancelacións deberán ser motivados por causas de forza maior e aceptados pola Deputación de Lugo (Área de Cultura). De non ser así, a modificación/cancelación non causará efectos, manténdose as responsabilidades que puideran derivarse para os colectivos participantes (solicitantes e agrupacións musicais) e, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade a este respecto.

→ Todas aquelas solicitudes que sexan presentadas e rexistradas despois do prazo establecido nas bases, serán desestimadas ao atoparse fóra de prazo.

→ No caso de esgotarse o crédito previsto para as actuacións deste Programa, atenderase para a resolución do Programa ao orde de entrada das solicitudes.

ANEXO I**INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA ACTUACIÓN DENTRO DO PROGRAMA
MUSIQUEANDO 2021**D./D^a

 _con
 DNI:----- ENDEREZO-----,CONCEL
 LO DE -----
 TELÉFONO MÓBIL -----
 TELÉFONO FIXO -----
 MAIL (obligatorio) -----
REPRESENTANTE DO/A:
 CONCELLO DE -----, con NIF: -----
 COMISIÓN DE FESTAS DE -----, con NIF: -----
 ASOCIACIÓN DE -----, con NIF: -----

SOLICITO:

**UNHA ACTUACIÓN DENTRO DO PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA, 2021 para o seguinte
TIPO DE FESTIVIDADE:**

- FESTAS PATRONAIS
 XUNTANZA VECIÑAL
 ROMARÍA
 OUTROS (INDICAR CAL) -----

TIPOLOXÍA DA ACTUACIÓN SOLICITADA:
AGRUPACIÓN CORAL

- MISA
 CONCERTO
 OUTRO (INDICAR CAL) -----

GRUPO DE MÚSICA TRADICIONAL

- PASARRÚAS
 MISA E PROCESIÓN
 OUTRO (INDICAR CAL) -----

BANDA DE MÚSICA

- MISA E PROCESIÓN
 PASARRÚAS
 CONCERTO
 OUTRO (INDICAR CAL) -----

→ (A duración máxima da actuación será de 90 minutos, podendo realizarse nun só pase ou en dous).

DÍA -----

HORARIO: -----

UN PASE (Horario previsto): -----

DOUS PASES (Horarios previstos): -----/-----

**Non se poden modificar a data, hora, lugar de actuación ou o grupo asignado sen a autorización expresa do
Servizo de Cultura.**

En,-----, ----- de ----- de 202_

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DEPUTACION DE LUGO (Servizo de Cultura).

ANEXO II**COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DERIVADAS DA PARTICIPACIÓN NESTE PROGRAMA MUSIQUEANDO 2021: DECLARACIÓN DE CONTAR COS SEGUROS PERTINENTES E DE CUMPRIR COS PROTOCOLOS DE SEGURIDADE SANITARIA REFIRIDOS Á COVID-19**D./D^a _____

DNI nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____ no Concello de _____ e teléfono de contacto _____ e correo electrónico _____, na condición de representante (nome da Asociación/Concello)

_____, con NIF: _____.

FAGO CONSTAR E DECLARO:

- Que no caso de que a actuación solicitada é concedida desde a Área de Cultura da Deputación de Lugo á Asociación/ Concello/ Comisión de Festas (**táchese o que non proceda**) non puidera realizarse por causas derivadas da Covid-19, a Deputación exímese de calquera responsabilidade a este respecto.
